



Estimadas familias,

Comprácenos comunicarvos que todos os centros educativos públicos do concello estamos involucrados no Espazo FamiliaS Boiro para levar a cabo, un ano máis, novas iniciativas formativas que permitan o encontro das familias con diferentes expertos. O noso obxectivo é o de posibilitar un foro de reflexión, formación, asesoramento e apoio familiar sobre as cuestións e inquiredas que se nos presentan á hora de EDUCAR aos nosos fillos e fillas.

Este curso comezamos tratando un tema presente na vida familiar e de plena actualidade como é a importancia da alimentación e a súa repercusión na saúde, no comportamento e no desenvolvemento cognitivo. Este II Faladoiro Espazo FamiliaS Boiro (EFsB): **ALIMENTACIÓN SAUDABLE**, terá lugar o xoves 28 de novembro na Casa da Cultura Ramón Martínez López ás 18.00 a 20.00 horas.

A experta que guiará esta actividade formativa será a dietista Belén Ventín, especialista en educación emocional e naturopatía.

Coa finalidade de garantir a conciliación familiar, temos previsto un **servizo de canguraxe gratuito** nunha das aulas da casa da cultura o tempo que dura a actividade. Posto que hai prazas limitadas, segundo orde de anotación, é necesario que o marquedes na inscrición xunto co número de crianzas que farán uso do servizo.

Para inscribirse na actividade poderán facelo a través dunha mensaxe a conta de correo espazoboiro@gmail.com, indicando os datos que aparecen na inscrición ou entregando á mesma na secretaría do voso centro educativo.

Contamos con vós. Sen a vosa participación esta actividade non terá ningún sentido.

Sen outro particular, reciban un cordial saúdo

ESPAZO FAMILIAS BOIRO



INSCRICIÓN-----

Don/a:.....nai/pai/titor/a dun/dunha alumno/a escolarizado

no IES/CEIP confirmo a miña participación no II Faladoiro Espazo FamiliaS Boiro

(EFsB): **ALIMENTACIÓN SAUDABLE**, terá lugar o xoves 28 de novembro na Casa da Cultura Ramón Martínez

López ás 18.00 a 20.00 horas.

(risque cun X)

SI

NON

No caso de solicitar servizo de canguraxe sinale o número de prazas demandadas :